

RESISTIR MINIFUNDIO E POLICULTURA

Palabras chave: aldea, baixón demográfico, concentración parcelaria, minifundio, policultura, identidade rural

Ante o baixón demográfico na maior parte das aldeas galegas e o abandono dos traballos agropecuarios, ten sentido acometer custosos procesos de concentración parcelaria? Non sería mellor investir eses orzamentos millonarios noutras alternativas de reordenación das terras? O mantra de hai case medio século de que a reestruturación dos terreos fixa poboación no rural, é sostible e defendible hoxe en día cando se ven terras abandonadas e xente moza migrando cara as vilas e cidades? Non terán que dar un xiro as políticas agrarias, económicas e sociais vendo que o que levan facendo dende hai anos non contribúe a manter vivo o rural? Polo de pronto, sen pretensión ningunha de facer deste traballo algo académico, propoñemos dúas oportunidades para a rexeneración do rural: a *policultura minifundista* e a *recuperación e creación de soutos*.

Cando falamos de *mundo rural* referímonos a unha maneira concreta de entender e encarar a vida; a un modo de existir no que unha persoa non só vive da terra e do gando, senón que vive para a terra e para o gando; a un xeito de actuar e unha ética marcados por unha cultura específica herdada dos antepasados, seriamente debilitada por un capitalismo económico que foi quen de acabar cos fogares agropecuarios tradicionais ou de transformalos en pequenas empresas de produción leiteira, onde as vacas só teñen valor en canto ao economicamente rendibles que sexan, chegando a perderse ata o simple xesto de familiaridade de poñerlles nome. Os valores cualitativos tornaron en pseudovalores cuantitativos (canto produces, canto tanto vales).

Os sistemas produtivos agrarios en Galicia sufriron un forte proceso de cambio e transformación e modernización desde a década de 1960 ata a actualidade, en claro contraste co que acontecía no mundo rural anterior a eses anos, gobernado por unha economía autárquica e de autoconsumo que condicionou a este sector cara a unha crecente orientación produtiva ao mercado, introducíndose a actividade dentro de circuitos comerciais cun incremento da

especialización produtiva. Caváronse montes, diversificáronse os cultivos, erguéronse novas infraestruturas, investiuse en maquinaria, e chegaron novas razas de vacas de clara orientación leiteira. A autosuficiencia tradicional deixou paso a un proceso de modernización orientado a satisfacer non só as propias necesidades, senón tamén as demandas dun mercado en forte crecemento. O rural tradicional foi deixando paso a “outro rural moderno” no que a paisaxe agrícola segue amosando un minifundismo secular que aínda non se viu corrixido de xeito total pola concentración parcelaria, tal como aconteceu noutras rexións peninsulares e europeas.

O tradicional minifundio de Galicia, coa súa razón lóxica en tempos pasados, está caracterizado pola pequena dimensión da propiedade e pola división do territorio en múltiples e pequenas parcelas dedicadas á policultura. Se a primeira característica pode obedecer a un proceso continuo de división da propiedade, a segunda responde sobre todo a unha adaptación ás posibilidades produtivas do mesmo.

Cada terra é especial para un determinado tipo de froito. Unhas leiras son mellores para patacas, outras para horta, outras para millo, trigo ou centeo... O costume e a tradición apropiáronse da concepción que cada un ten sobre as terras, atribuíndolle a cada unha delas a consideración de ser boas para un determinado produto. A dispersión de parcelas en Galicia non era un problema, mais ben era unha grande vantaxe á hora de aproveitar toda a diversidade dispoñible do ecosistema agrario. Por tanto, a dispersión do terreo agrícola non é un capricho dos labregos, mais si é unha adaptación á variabilidade do ecosistema. A práctica do minifundio pode ser considerada como un paradigma precursor da chamada agricultura de precisión sen necesidade de GPS, pero si dun coñecemento tradicional dos usos da terra por parte dos seus propietarios. A consideración concreta de cada terra incluso quedou rexistrada na tradición oral a través da microtoponimia (A Horta da Fonte, A Trigueira, O Pomar, A Pataqueira, O Porrall...).

Se nos preguntáramos como era a agricultura galega hai uns poucos anos, a maioría respondería que era atrasada. Esta idea de atraso está moi vencellada ao minifundismo. En Galicia concíbese o minifundio como un residuo do pasado que impediu a modernización agraria. Historicamente, o minifundio foi

considerado incapaz de asegurar o sustento básico a todos os membros da unidade familiar. A maioría dos estudos sobre o medio rural destacaron as miserias sociais dos sistemas agrarios minifundistas. Pero tamén houbo algún estudioso que se manifestou contrario a ese parecer. Un deles foi Valeriano Villanueva, que a comezos do século XX defendía o minifundio tanto pola necesaria adaptación á variabilidade das características do terreo, como pola súa maior produtividade e pola súa función social, vital para o sustento dos labregos pobres.

Un traballo realizado polo Grupo de Investigación Socio-Territorial GIS-C da USC, coordinado polo profesor Ferrás Sexto, daba boa conta dun evidente cambio social e de transformación agraria a través dun estudo en dúas cooperativas agrogandeiras: Feiraco, na comarca coruñesa da Barcala, e Drinagh, no condado irlandés de Cork. Este último é un exemplo claro de agricultura familiar produtora de leite en réxime de cooperativa que perdeu todo o seu significado cultural, abandonando definitivamente a práctica da policultura. O impulso que se lle deu ao desenvolvemento dunha agricultura capitalista especializada no leite, cunha concentración parcelaria levada a cabo xa a comezos do século XX, fixo que estas familias agrarias irlandesas abandonaran os seus costumes tradicionais.

Na actualidade, a defensa da agricultura industrial capitalista, como discurso modernizador e produtivista, está en crise; e cada vez fanse máis habituais conceptos como ecoloxía, estilo de vida, multifuncionalidade, equilibrio home-medio, sostibilidade, desenvolvemento social e cultural, cooperativismo agrario posprodutivo etc., que implican unha nova definición do medio rural galego e o seu significado.

Paralelamente a esta concepción, estudos antropolóxicos recentes falan da agonía do rural identificado por uns determinados valores, unha maneira propia de entender as relacións socio-comunitarias e unha forma de organizarse familiarmente. Hai un novo mundo rural, o modernizado e orientado a satisfacer cuantitativamente as demandas do mercado. Serán estes continuadores do traballo agropecuario quen de manter algunha das tradicións dos seus predecesores? Aquí é onde entran o *minifundio*, a *policultura* e a *recuperación e creación de novos soutos* como medios para unha práctica agrícola familiar

sustentable, capaz de minimizar o *descenso de poboación no rural* e de redefinir as *políticas parcelarias*.

Ao mesmo tempo poderíasele poñer freo ao proceso de “desagrarización”, termo que fai referencia á desaparición do modelo tradicional de campesiñado, aquel que había antes da década de 1960. Pero é que agora xa non só decaeu ese sistema anterior aos anos 60 do século pasado, senón que todos os esforzos levados a cabo para adaptar e modernizar as explotacións agrogandeiras ás demandas do mercado capitalista que se realizaron entre as décadas de 1970 a 1990 tamén entraron nunha latente agonía, sobrevivindo só aquelas explotacións que deron un pulo máis e renovaron as súas infraestruturas, melloraron a xenética dos seus animais e ampliaron a superficie das terras cultivables.

E non só se viron afectados os aspectos demográficos, tecnolóxicos ou económicos, senón que tamén se deu unha profunda crise no aspecto cognitivo do campesiño tradicional, cuxa particular concepción do mundo se veu abaixo. Casas pechadas, aldeas abandonadas, terras de labor convertidas en piñeirais ou eucaliptais, montes sen coidado, poboación envellecida e sen relevo xeracional, son algúns exemplos significativos deste ocaso do rural galego.

Pero esta “descampesinización” non significa que se producira un esquecemento total das formas culturais do pasado agropecuario das comunidades rurais. Hoxe en día séguese a practicar unha reducida agricultura e gandería a tempo parcial ou como complemento das pensións de xubilación. O cultivo de porrais e hortas, o coidado de animais miúdos ou a matanza do porco son algúns dos exemplos da perpetuidade no tempo dos modos de vida tradicionais do rural. As familias que optan por cultivar algunhas das súas terras ou manter algúns animais miúdos, non o fan por ocio ou por matar o tempo, senón que o realizan como complemento aos seus ingresos económicos e coa finalidade de satisfacer as súas necesidades alimenticias.

Estes vestixios do traballo agropecuario tradicional non van sobrevivir no tempo. É lóxico pensar que, conforme vaia desaparecendo a xente que coñecía o vello sistema, este sistema cultural decaía de vez. E aí si que xa non haberá remedio. A lenta agonía do mundo rural e dos elementos cognitivos e culturais que o definen chegará ao seu ocaso.